


Contabilidade trimestral. Primeiro trimestre de 2006 COMUNICADO

O PIB da economía galega creceu un 3,7% no primeiro trimestre de 2006.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no primeiro trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,1%.

O Produto interior bruto xerado pola economía galega no primeiro trimestre de 2006 rexistrou un crecemento do 3,7% con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento supera en dúas décimas ao crecemento rexistrado no trimestre anterior.


**PIB pm. Volume encadeado referencia 2000.
Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.
Variacións interanuais**



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

A demanda interna contribúe con 4,4 puntos ao crecemento do PIB, unha décima máis que no trimestre anterior, polo que a achega da demanda externa neta é de -0,7 puntos porcentuais, unha décima superior á do cuarto trimestre de 2005.

Volume encadeado referencia 2000. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE. Contabilidade trimestral.

Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

	2004				2005				2006
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,0	4,0	3,5	2,8	3,4	3,4	3,5	3,7
Gasto en consumo final	2,8	2,9	3,2	2,8	3,0	3,4	3,1	3,7	3,6
-Gasto en consumo final dos fogares	2,8	2,9	2,9	2,6	3,0	3,3	2,9	3,3	3,4
-Gasto en consumo final das AAPP e ISFLSF	3,1	3,2	4,2	3,4	3,3	3,7	3,6	4,9	4,3
Formación bruta de capital	3,1	4,2	5,9	3,7	5,4	7,8	5,3	4,4	4,6
Demanda interna ⁽¹⁾	3,2	3,7	4,5	3,5	4,2	5,3	4,2	4,3	4,4
Exportacións de bens e servizos	6,2	6,9	8,6	5,9	3,2	3,1	3,2	5,3	7,0
Importacións de bens e servizos	6,9	6,7	6,8	4,4	4,5	4,2	4,1	6,4	6,6

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

⁽¹⁾ A chega ó crecemento do PIB pm.

2004, 2005, 2006 avance

O gasto en consumo final dos fogares creceu un 3,4% no primeiro trimestre de 2006, un crecemento superior nunha décima ao rexistrado no cuarto trimestre de 2005. Os indicadores de rendas salariais seguen unha evolución parella cun crecemento similar ao do trimestre anterior. O maior crecemento da inflación compénsase polo maior crecemento da afiliación asalariada e dos salarios. Outros indicadores como as importacións de bens de consumo en termos reais e o índice de vendas de comercio polo miúdo presentan maiores crecementos que no trimestre anterior.

O gasto en consumo final das Administracións Públicas e Institucións sen fins de lucro creceu un 4,3%, seis décimas menos que no trimestre anterior.

A Formación bruta de capital creceu un 4,6%, dúas décimas superior ao crecemento do trimestre anterior. Esta compoñente presenta un perfil descendente nos últimos trimestres como se pode apreciar na serie de ciclo tendencia. O investimento en construción é o que está

19 de xullo de 2006

mantendo as altas taxas de crecemento do investimento, mentres que outros indicadores como a matriculación de vehículos de carga ou as importacións de bens de equipo presentan crecementos inferiores aos do trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, a achega da demanda externa neta, que foi negativa no primeiro trimestre, foi superior nunha décima con respecto á achega do trimestre anterior. Isto é consecuencia do crecemento máis acelerado das exportacións que das importacións, tanto as exportacións como as importacións crecen a un ritmo superior ó do trimestre precedente.

As exportacións creceron un 7,0% no primeiro trimestre, 1,7 puntos máis que no trimestre anterior. A esta elevación do crecemento contribúen en gran medida o positivo comportamento do turismo e as exportacións fóra de España. Pola súa parte, as importacións creceron un 6,6%, dúas décimas máis que no trimestre precedente.

Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2000=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

	2004				2005				2006
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,0	4,0	3,5	2,8	3,4	3,4	3,5	3,7
Ramas agraria e pesqueira	2,7	-2,7	2,7	7,1	0,4	2,6	3,5	1,3	1,5
Ramas enerxéticas	2,3	2,6	0,9	-1,2	-0,9	-1,4	-1,0	2,3	3,8
Ramas industriais	1,4	2,9	4,1	0,6	1,8	0,6	3,4	2,1	5,2
Construción	4,5	4,7	5,1	3,8	3,8	4,5	4,2	4,0	3,8
Ramas dos servizos	3,3	3,4	4,1	3,9	3,5	4,0	3,5	3,7	3,6
- Servizos de mercado	3,1	3,6	4,3	4,3	3,8	3,9	3,3	3,7	3,6
- Servizos non de mercado	4,0	2,6	3,5	2,6	2,7	4,3	3,9	3,8	3,8
Impostos netos sobre os produtos	2,3	2,3	7,2	3,7	7,0	6,9	0,1	1,7	2,0

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

2004, 2005, 2006 avance

Dende a perspectiva da oferta, destaca a aceleración rexistrada no sector industrial cun crecemento no primeiro trimestre de 2006 do 4,9% e do sector primario cun crecemento do 1,5%; a construción e os servizos, con taxas interanuais do 3,8% e do 3,6% respectivamente, presentan crecementos elevados pero inferiores aos rexistrados no trimestre anterior.

As ramas agraria e pesqueira creceron un 1,5% no primeiro trimestre de 2006, crecemento superior en dúas décimas ao rexistrado no trimestre precedente.

As ramas industrias creceron un 4,9%, crecemento superior ao rexistrado no cuarto trimestre de 2005, tanto as ramas de produtos enerxéticos como as de produtos industriais aumentan o seu crecemento con respecto ao trimestre anterior, as primeiras acélanse 1,5 puntos ata acadar un crecemento do 3,8% e as segundas aumentan o seu crecemento en 3,1 puntos alcanzando unha taxa interanual do 5,2%. Este crecemento está de acordo co forte crecemento experimentado polo Índice de produción industrial.

O sector da construción acadou unha taxa de crecemento interanual do 3,8%, dúas décimas inferior ao crecemento do cuarto trimestre de 2005. Este descenso no ritmo de crecemento obsérvase nas series periodificadas da licitación oficial, da edificación residencial e da edificación non residencial.

19 de xullo de 2006

Por último, o sector dos servizos presenta un crecemento do 3,6%, unha décima inferior ao crecemento do trimestre precedente. A desaceleración prodúcese nos servizos de mercado, que se desaceleran tamén unha décima, mentres que os servizos non de mercado manteñen o mesmo crecemento que no cuarto trimestre de 2005.

O PIB a prezos correntes presenta un crecemento do 8,3%, o que implica que o deflactor implícito presenta un crecemento do 4,6%, unha décima superior ao do trimestre anterior

A partir do primeiro trimestre de 2006, a Contabilidade trimestral incorpora estimacións da forza de traballo, concretamente estimacións dos postos de traballo e postos de traballo equivalentes a tempo completo.

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, rexistra no primeiro trimestre de 2006 un crecemento interanual do 3,1%, case dous puntos por encima da taxa acadada no último trimestre de 2005 e oito décimas por encima da taxa media de crecemento de 2005. Esta taxa supón a creación de 32.552 postos de traballo a tempo completo.

O rasgo máis significativo desta evolución é o dinamismo da creación de emprego nos servizos non de mercado e na construción, que compensa a contracción de emprego das ramas agraria e pesqueira e enerxéticas.

Distinguindo por situación profesional o emprego asalariado amosou un maior dinamismo, acadando neste trimestre unha taxa de variación interanual do 3,9%, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo. O que supón a creación de 32.194 postos de traballo asalariados a tempo completo.

De esta maneira, considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego ocupado, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 0,6%, 3 décimas por encima da cifra acadada no mesmo trimestre a nivel nacional.

Emprego por ramas de actividade. Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)

	2004				2005				2006
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO									
COMPLETO TOTAL	-0,9	1,6	1,6	1,8	2,6	3,8	1,7	1,2	3,1
Ramas agraria e pesqueira	-3,4	-3,6	-9,2	-2,4	-3,6	-2,0	-1,3	-5,1	-2,0
Ramas enerxéticas	-2,0	-4,8	-1,0	0,0	1,8	2,2	-1,0	-4,1	-5,8
Ramas industriais	-1,6	-0,4	0,2	-0,6	-0,8	0,4	0,4	1,3	3,4
Rama da construción	-3,9	5,5	9,6	3,1	3,3	9,6	1,2	-0,2	5,1
Ramas dos servizos	0,4	2,5	2,7	3,1	4,6	4,6	2,7	2,8	3,7
- Servizos de mercado	2,4	2,3	3,6	4,0	5,2	4,2	4,0	3,5	2,5
- Servizos non de mercado	-3,6	2,9	0,9	1,2	3,3	5,5	0,0	1,3	6,2
POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO									
COMPLETO ASALARIADO	-1,0	1,6	2,3	2,0	3,4	4,5	2,0	2,0	3,9
Ramas agraria e pesqueira	3,7	-2,2	-10,1	-9,0	-11,8	-3,3	0,5	0,9	4,5
Ramas enerxéticas	-2,0	-4,9	-1,0	0,0	1,9	2,4	-1,0	-4,3	-6,0
Ramas industriais	-1,8	-0,3	0,4	0,0	-0,3	-0,3	0,0	1,0	3,1
Rama da construción	-5,9	2,2	6,9	2,5	5,0	10,1	1,0	-1,1	4,9
Ramas dos servizos	0,1	2,5	2,9	3,3	5,3	5,3	2,9	3,1	4,1
- Servizos de mercado	2,6	2,3	4,3	4,8	6,6	5,1	4,8	4,3	2,7
- Servizos non de mercado	-3,6	2,9	0,9	1,2	3,3	5,5	0,0	1,3	6,2



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

19 de xullo de 2006

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es